12 lúas Proxecto Cultural de Arte, Internet e CC

http://12luas.blogspot.com

Email: 12luas@gmail.com

María Isabel Pereira

POEMA Nº1

Espida de morriña

Cando por un intre

Deixe de catalogar os teus recordos

Sexas de novo o meu presente…

Cando as balconadas

Pinten a cor da ledicia que sinto

Cando volte a aperta do amigo inesquencible

Cando converse ata a alborada

Cando o orballo caia sobre a miña faciana

Mentres un bico imaxinario faise real entre campanadas

Cando poida arrodillarme nas túas igrexas

Cando volte a chuvia a mollar nos escuros invernos as túas pedras

Cando un café sexa o arrecendo dun poeta

Cando voe no ceo a túa estrella

…cando o meu cabaleiro pete na miña xanela

Cando todo iso pase

Estarei no lugar máis fermoso da terra

Na raíz máis profunda da miña alma.